

Resolución do 19 de abril de 2018, do Director Xerente de SEAGA, pola que se convoca á realización das probas de aptitude física “Field-Test” ao persoal da empresa adscrito a tarefas de Prevención, Vixilancia e Defensa Contra Incendios Forestais en época de alto risco, e se sinala a data, hora e lugar para a realización da mesma.

O Director Xerente de SEAGA en virtude das facultades que ten outorgadas, ACORDA convocar á realización das probas de aptitude física “Field-Test”, ao persoal da empresa adscrito a tarefas de Prevención, Vixilancia e Defensa Contra Incendios Forestais con suxeición ás seguintes regras:

1. Descrición da proba.

Esta proba, que terá a cualificación de APTO/NON APTO, consistirá en camiñar 3.200 metros sobre terreo plano cun peso de 11 Kg. ás costas, nun tempo máximo de 30 minutos, e a súa superación será requisito necesario para a realización de aqueles traballos relacionados coas actividades de Prevención, Defensa e Extinción de Incendios Forestais na campaña 2018.

2. Candidatos convocados.

Estará convocado á realización da proba física Field-Test que se celebrará o vindeiro día 03 de maio de 2018 no *Estadio Multiusos de San Lázaro, Avda. De Fernando Casas Novoa nº 20 - Santiago de Compostela*, o persoal de SEAGA adscrito ao dispositivo de incendios que se relaciona no ANEXO desta resolución.

O horario previsto para o comezo da proba establecerase en función da provincia de residencia dos participantes según se indica no seguinte cadro:

HORA DE INICIO	PROVINCIA DE RESIDENCIA
09:00	OURENSE
10:00	LUGO
11:00	PONTEVEDRA
12:00	A CORUÑA

No caso de candidatos con residencia fóra da Comunidade Autónoma atenderase á provincia na que presten os seus servizos.

Así mesmo, e co único obxecto de facilitar unha mellor difusión entre os traballadores, se remitirá carta certificada aos seus domicilios na que se especifique a data, lugar e hora asignada para a proba.

En este sentido, é obriga dos traballadores manter actualizados os seus datos, informando á empresa de calquera variación que se produza no seu enderezo a efectos de notificacións. O feito de que a comunicación

efectuada ao domicilio do traballador non sexa recollida ou notificada, en absoluto exime ao mesmo de presentarse á realización da proba no lugar, data e hora que se indica nesta resolución.

Co obxecto de facilitar o desprazamento a esta proba física do persoal de SEAGA, a empresa pon á súa disposición medios de transporte que percorreren os seguintes itinerarios:

RUTAS	ITINERARIOS
Ruta 1	A Fonsagrada – O Cádavo – Meira – Lugo – Guitiriz – Santiago de Compostela.
Ruta 2	Ponteareas – Vigo – Pontevedra – Caldas de Reis – Santiago de Compostela.
Ruta 3	O Barco de Valdeorras – Monforte de Lemos – Lalín – Silleda – Santiago de Compostela.
Ruta 4	Verín – Xinzo – Ourense – O Carballiño – Santiago de Compostela.

O persoal que desexe facer uso destes medios deberá remitir un mail de confirmación á dirección de correo electrónico info@epseaga.com ou chamar ao teléfono 626 719 200, indicando os seus datos, ruta escollida e a localidade (según itinerarios) dende a que desexa partir.

O prazo límite para dita confirmación será o 26.04.2018. A partir de entón, faranse públicos os correspondentes horarios de saída dos transportes dende as localidades que percorren as rutas indicadas anteriormente.

3. Desenvolvemento da proba.

Os traballadores convocados deberán acudir á proba provistos de DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente que permita comprobar a súa identidade, e deberán presentar, o mesmo día de celebración da mesma, un certificado médico oficial ou informe de saúde, asinado e selado por un colexiado en exercicio no que se faga constar que non presenta enfermidade nin discapacidade que impida a súa realización. Dito certificado haberá de ter unha antigüidade máxima de 3 meses respecto a data de realización da proba.

Previamente ó comezo da proba farase entrega a cada participante dun cuestionario de saúde así coma dun informe de consentimento da proba. Esta documentación unha vez cumprimentada e asinada polo participante será devolta aos membros da organización con anterioridade ao inicio do desenvolvemento da proba.

Facilitarase a cada participante unha mochila individual debidamente pesada seguindo os requirimentos da proba.

Será obrigatorio que acuda á proba con zapatillas de deporte e non estará permitido correr durante a súa realización. O participante que corra durante a realización da proba recibirá un único aviso, previo á expulsión,

por parte dos membros da comisión ou do persoal colaborador na proba. Se despois do aviso o participante continúa a correr será expulsado da proba, e en consecuencia o seu resultado será un non apto.

Recoméndase usar roupa cómoda que facilite a transpiración, non fumar nin comer antes da realización do exercicio así como levar líquidos para hidratarse antes, durante e logo do exercicio.

A realización das probas estará coordinada por unha comisión composta por 3 representantes da empresa, un representante das organizacións sindicais e un secretario con voz pero sen voto designado entre os administrativos de SEAGA. Así mesmo, poderase nomear persoal colaborador da comisión.

4. Resultados.

Esta proba terá carácter eliminatorio. Cando por causas debidamente xustificadas e así apreciadas pola comisión, o traballador non poida presentarse á realización da proba de aptitude física no día que se indica na presente resolución, se lle asignará unha nova data. O prazo para a presentación de xustificantes rematará o 07 de maio de 2018.

Ao remate de cada proba entregárase a cada un dos participantes un documento xustificativo de asistencia cos parámetros individuais obtidos na mesma. Así mesmo, os participantes poderán consultar os resultados obtidos a través da páxina web de SEAGA.

Superada a proba física e superado o recoñecemento médico previo, farase efectivo o chamamento para a campaña.

En Santiago de Compostela a 19 de abril de 2018

O Director - Xerente:

Pablo Arbones Maciñeira

